

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DO ESTUDANTADO

ACORDO DE PUBLICACIÓN DO CENSO DEFINITIVO

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC (REX) e a convocatoria de elección dos representantes do estudantado da Escola De Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) no Consello do Estudantado, aprobada por acordo da Comisión Electoral Central do 16 de outubro de 2023, rematado o prazo de presentación de recursos fronte á resolución da Secretaría Xeral sobre rectificación do censo provisional sen que se teña presentado ningún recurso,

A Comisión Electoral acorda:

1. **Dispoñer a publicación** do censo electoral definitivo. Esta publicación terá lugar nos taboleiros electorais e poderá consultarse de xeito individualizado na aplicación electoral: <https://aplicacions.usc.es/axe/publica>.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O presidente da Comisión Electoral Central

Fernando A. Vázquez-Portomeñe Seijas

Taboleiros electorais da Reitoría e da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo e taboleiro electrónico

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FERNANDO VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS, NIF ***1209**, 30/10/2023 12:18:26.

CSV: F8F9-9470-492A-9015